

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0491	Sistemas de xestión empresarial	2024/2025	5	87	104

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN MARÍA SÁNCHEZ CURTO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O desenrolo curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o Centro educativo IES Chan do Monte de Marín que cumpre as condicións establecidas pola L.O.E. e os Reais Decretos que a desenrolan en canto a espazos, instalacións, alumado, etc.

Se o contextualizamos para o entorno da cidade de Marín e Pontevedra, no entorno do Centro encóntranse varias empresas de servizos informáticos que acollen á gran maioría dos alumnos do ciclo para a Formación en Centros de Traballo e onde é previsible que poidan desenrolar a súa carreira profesional estes alumnos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Identificación de sistemas ERP-CRM.	Introdución á gestión empresarial con conceptos básicos para entender correctamente a empresa como conxunto e saber tomar as decisións axeitadas cando teñamos que escoller o sistema de xestión empresarial a implantar.	20	20
2	Instalacións e configuracións dun sistema ERP-CRM.	Instalacións e configuracións dun sistema ERP-CRM en varias das súas diferentes opcións.	20	20
3	Ferramentas dun sistema ERP-CRM.	Uso do sistema ERP-CRM utilizando os diferentes módulos instalados na unidade anterior.	20	20
4	Implantación de sistemas ERP-CRM.	Metodoloxía e adaptación para a implementación de sistemas ERP-CRM a unha empresa.	20	20
5	Desenvolvemento de compoñentes du ERP-CRM.	Desenvolvemento de compoñentes empregando a linguaxe de programación empregada polo sistema ERP-CRM.	24	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Identificación de sistemas ERP-CRM.	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica sistemas de planificación de recursos empresariais e de xestión de relacións con clientes (ERP-CRM), reconece as súas características e verifica a configuración do sistema informático.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñecéronse os sistemas ERP-CRM máis empregados na actualidade.
CA1.2 Comparáronse sistemas ERP-CRM en función das súas características e dos seus requisitos.
CA1.3 Identificouse o sistema operativo acaído para cada sistema ERP-CRM.
CA1.4 Identifícaronse a linguaxe de desenvolvemento e o sistema xestor de datos empregado por cada sistema ERP-CRM.
CA1.5 Verificáronse as configuracións do sistema operativo e do xestor de datos para garantir a funcionalidade do ERP-CRM.
CA1.5.1 Verificáronse as configuracións do sistema operativo para garantir a funcionalidade do ERP-CRM.
CA1.5.2 Verificáronse as configuración do xestor de datos para garantir a funcionalidade do ERP-CRM.
CA1.6 Documentáronse as operacións realizadas.
CA1.7 Documentáronse as incidencias producidas durante o proceso.
CA1.8 Instaláronse sistemas operativos libres e propietarios
CA1.9 Instalouse algunha aplicación xestora de datos en diferentes sistemas operativos

4.1.e) Contidos

Contidos
Introdución e evolución da informática de xestión empresarial.
Verificación da instalación, e configuración dos sistemas operativos e de xestión de datos.
0 Verificación da instalación, e configuración dos sistemas operativos.
0 Verificación da instalación, e configuración dos xestores de datos.

Contidos
<p>Documentación das operacións realizadas(CA1.6).</p> <p>Documentación de incidencias producidas durante o proceso(CA1.7).</p> <p>Concepto de sistema de planificación de recursos empresariais (ERP).</p> <p>Características, requisitos, vantaxes e inconvenientes dos ERP actuais.</p> <p>Concepto de sistema de xestión de relacións con clientes (CRM).</p> <p>Características, requisitos, vantaxes e inconvenientes dos CRM actuais.</p> <p>Arquitectura dos sistemas ERP-CRM.</p> <p>Sistemas operativos libres e propietarios compatibles co software.</p> <p>Sistemas xestores de bases de datos e linguaxes de desenvolvemento compatibles co software.</p> <p>Configuración da plataforma.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Instalacións e configuracións dun sistema ERP-CRM.	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Instala sistemas ERP-CRM, para o que interpreta a documentación técnica e identifica as opcións e os módulos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os tipos de licenza.
CA2.2 Identifícanse os módulos que compoñen o ERP-CRM.

Criterios de avaliación
CA2.3 Realizáronse instalacións monoposto.
CA2.4 Realizáronse instalacións cliente/servidor.
CA2.5 Configúranse os módulos instalados.
CA2.6 Realizáronse instalacións adaptadas ás necesidades formuladas en diferentes supostos.
CA2.7 Verifícase o funcionamento do ERP-CRM.
CA2.8 Documentáronse as operacións realizadas e as incidencias.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Tipos de licenza.</p> <p>Tipos de instalación: monoposto e cliente/servidor.</p> <p>Módulos dun sistema ERP-CRM: descrición, tipoloxía e conexión entre módulos.</p> <p>Procesos de instalación do sistema ERP-CRM.</p> <p>Parámetros de configuración do sistema ERP-CRM: descrición, tipoloxía e uso.</p> <p>Actualización do sistema ERP-CRM.</p> <p>Servizos de acceso ao sistema ERP-CRM: características e parámetros de configuración, e instalación.</p> <p>Contornos de desenvolvemento, probas e explotación.</p> <p>Manexo de documentación técnica nos idiomas máis empregados pola industria.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Ferramentas dun sistema ERP-CRM.	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza operacións de xestión e consulta da información seguindo as especificacións de deseño e utilizando as ferramentas proporcionadas polos sistemas ERP-CRM.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Utilizáronse ferramentas e linguaxes de consulta e manipulación de datos proporcionados polos sistemas ERP-CRM.
CA3.2 Xeráronse formularios.
CA3.3 Xeráronse informes.
CA3.4 Exportáronse datos e informes.
CA3.5 Automatizáronse as extraccións de datos mediante procesos.
CA3.6 Documentáronse as operacións realizadas e as incidencias observadas.

4.3.e) Contidos

Contidos
Definición de campos.
Consultas de acceso a datos.
Interfaces de entrada de datos e de procesos. Formularios.
Informes e listaxes da aplicación.
Cálculos de pedidos, albarás, facturas, asentos predefinidos, rastrexabilidade, produción, etc.
Gráficos.
Procesos de extracción de datos en sistemas de ERP-CRM e almacéns de datos.

Contidos
Ferramentas de monitorización e de avaliación do rendemento. Incidencias: identificación e resolución.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Implantación de sistemas ERP-CRM.	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Adapta sistemas ERP-CRM, para o que identifica os requisitos dun suposto empresarial e utiliza as ferramentas proporcionadas por eles.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse as posibilidades de adaptación do ERP-CRM.
CA4.2 Adaptáronse definicións de campos, táboas e vistas da base de datos do ERP-CRM.
CA4.3 Adaptáronse consultas.
CA4.4 Adaptáronse interfaces de entrada de datos e de procesos.
CA4.5 Personalizáronse informes.
CA4.6 Adaptáronse procedementos almacenados de servidor.
CA4.7 Realizáronse probas das adaptacións realizadas no ERP-CRM.
CA4.8 Documentáronse as operacións realizadas e as incidencias observadas.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Tipos de empresa. Necesidades da empresa.</p> <p>Selección dos módulos do sistema ERP-CRM.</p> <p>Adaptación de táboas e vistas.</p> <p>Consultas necesarias para obter información.</p> <p>Creación de formularios, informes e gráficos personalizados.</p> <p>Creación de formularios personalizados.</p> <p>Creación de informes personalizados.</p> <p>Creación de gráficos personalizados.</p> <p>Adaptación de procedementos almacenados.</p> <p>Probas das adaptacións do ERP-CRM.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Desenvolvemento de compoñentes do ERP-CRM.	24

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Desenvolve compoñentes para un sistema ERP-CRM, para o que analiza e utiliza a linguaxe de programación incorporada.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Recoñecéronse as sentenzas da linguaxe propia do sistema ERP-CRM.

Criterios de avaliación

CA5.2 Utilizáronse os elementos de programación da linguaxe para crear compoñentes de manipulación de datos.

CA5.3 Modificáronse compoñentes de software para lle engadir funcionalidade nova ao sistema.

CA5.4 Integráronse os novos compoñentes de software no sistema ERP-CRM.

CA5.5 Verificouse o correcto funcionamento dos compoñentes creados.

CA5.6 Documentáronse todos os compoñentes creados ou modificados.

4.5.e) Contidos**Contidos**

Técnicas e estándares das linguaxes propias dos sistemas ERP-CRM.

Linguaxe proporcionada polos sistemas ERP-CRM.

Contornos e ferramentas de desenvolvemento en sistemas ERP-CRM.

Inserción, modificación e eliminación de datos nos obxectos.

Operacións de consulta. Ferramentas.

Modificación, creación e eliminación de formularios e informes en sistemas ERP-CRM.

Chamadas a funcións. Librarías de funcións (API).

Verificación do correcto funcionamento dos compoñentes creados.

Manexo de erros.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

Os coñecementos mínimos esixibles son os que aparecen marcados como tal, en cada unidade didáctica, no apartado 4, que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado".

AVALIACIÓN::

a).-Faranse exames escritos que pode constar de parte teóricas e práctica.

Valorarase entre 0 e 10 puntos.

O exame considérase superado cando alcanza polo menos a nota de 5 puntos. É imprescindible aprobar tódalas partes no que se divide un exame para poder aprobar este.

Si se detecta que o alumno/a copiou parcialmente ou totalmente, ou empregou ferramentas non autorizadas por profesor, realizará un novo exame ou proba proposta polo profesor.

b).-Tarefas propostas en unidades de traballo.

Valorarase entre 0 e 10 puntos.

A entrega de tarefas propostas realizarse na data establecida polo profesor e segundo o formato pedido. De non ser así o traballo será penalizado cun 30% menos de nota. Os traballos entregaranse a través da aula virtual do módulo. Previamente fixéronse pública, en aula virtual as táboas de observación e listas de cotexo coas que van ser avaliados.

Os traballos non entregados, que teñen penalización dun 30% na nota, poden ser entregados ata 72 horas antes da avaliación.

Si se detecta que o alumno copiou parcialmente ou totalmente a tarefa considerárase la nota será NON APTA.

NOTA DE CADA AVALIACIÓN

A nota da avaliación calcularase, redondeo ó número enteiro máis proximo do seguinte cálculo:

$80\% * \text{promedio das notas dos exames} + 20\% * \text{promedio das notas das tarefas}$

Para realizar este cálculo o alumno ten que ter unha media de 5 sobre 10 en cada unha das partes. Ademais, todas as unidades didácticas deberán ter unha nota superior a 5

NOTA FINAL DO CURSO

O alumnado que teña as tres avaliacións aprobadas obterá unha nota final correspondente á media aritmética das notas das tres avaliacións:

$\text{Avaliación final} = (\text{Eva 1º trimestre} + \text{Eva 2º trimestre}) / 2$

FALTAS A UN EXAMEN

O alumno que non asista a un exame e non presente nun prazo de cinco días posteriores ao exame unha xustificación oficial, terá ese exame suspenso con 1.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación****RECUPERACION DAS PARTES NON SUPERADAS**

Os alumnos que non alcanzasen ao longo do curso a cualificación media de 5 puntos unha avaliación, terán que realizar unha proba correspondente aos contidos suspensos nesa avaliación no mes de marzo. Só terán que recuperar a parte suspensa de cada avaliación.

AVALIACION FINAL ORDINARIA

Este exame escrito constará dunha parte teórica e outra práctica, por cada avaliación, puntuado de 0 a 10. Para superar a proba, será necesario obter polo menos un 5. Nun período previo á realización desta proba, realizaranse actividades de reforzo sobre os contidos teóricos e prácticos non superados.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos/as que falten máis dun 10% das horas totais do módulo perderán o dereito á avaliación continua. Para superar o módulo, deberán someterse a unha proba final ao final do curso.

A proba extraordinaria de avaliación consistirá en dous partes:

-Unha proba escrita sobre contidos teóricos e prácticos sobre a totalidade das unidades didácticas.

-Unha proba práctica que englobe as distintas actividades prácticas realizadas en cada unha das unidades didácticas ao longo do curso.

Será necesario conseguir como mínimo unha nota de 5 puntos sobre 10 en cada unha das probas para superar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A autoevaluación do profesorado é unha práctica constante e continua no Departamento de Informática, adoita ser un proceso interno, de reflexión intrínseca e de necesidade esencial no traballo do profesorado. Unha vez terminadas as avaliacións do primeiro e segundo trimestre, o profesorado realiza unha autoevaluación do seu traballo e metodoloxía empregada. Nesa autoevaluación recolleranse os seguintes aspectos:

Medidas tomadas durante o trimestre que se deben autoevaluar:

1. Medidas metodolóxicas
2. Organizativas da aula
3. Agrupamentos do alumnado
4. Avaliación
5. Actividades de recuperación

6. Acción tutorial
7. Material
8. Problemas atopados
9. Correccións
10. Departamentais

Medidas que se deben tomar durante o seguinte trimestre:

1. Medidas metodolóxicas
2. Organizativas da aula
3. Agrupamentos do alumnado
4. Avaliación
5. Actividades de recuperación
6. Acción tutorial
7. Material
8. Problemas atopados
9. Correccións

Resultados académicos:

1. Porcentaxe de alumnos por tramos de cualificación.
2. Porcentaxe de abandonos ou renuncias de convocatorias
3. Número de faltas de asistencia

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso, realizarase unha avaliación inicial dos coñecementos previos do alumnado baseada na observación do grupo por parte do profesor e da información extraída do cuestionario contestado individualmente por cada alumno.

Deberase prestar especial atención a aqueles alumnos/as que polas súas características poidan mostrar dificultades para a realización das actividades propostas e a consecución das capacidades previstas. Neste

caso recomendaranse lecturas e actividades complementarias que de forma individual ou en grupo, permitan achegar ao alumno/a o nivel proposto no tema.

Tamén debe terse en conta, a aqueles alumnos/as, que teñan un nivel superior á media, recomendándolles lecturas complementarias que permitan desenvolver en maior profundidade algúns dos temas expostos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Como medidas de atención á diversidade adoptaranse as seguintes:

Posibilidade de realización de todas as actividades na propia aula para evitar desvantaxes dos alumnos que carezan dos medios necesarios na súa casa.

Fomento do traballo práctico para que os alumnos con dificultades de comprensión conceptual teñan maior facilidade para acadar os coñecementos conceptuais.

Creación dun ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo. Se este clima se producise, o profesor dispón de mais tempo para identificar os alumnos que necesitan axuda e proporcionar a axuda mais conveniente en cada caso.

Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.

Identificación dos contidos básicos e imprescindibles para seguir progresando nos contidos complementarios.

Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e as actividades.

Actividades diferenciadas e adaptadas ás motivacións e necesidades dos alumnos.

Actividades de reforzo en grupos pequenos.

Como medidas individuais para os alumnos estranxeiros que descoñezan a lingua e cultura españolas, ou para aqueles que presenten graves carencias en coñecementos básicos, fomentárase a lectura de libros e catálogos de carácter técnico.

En calquera caso o alumnado deberá ter unhas capacidades mínimas que lle permitan sacar proveito das medidas adoptadas.

Así mesmo, para que estas medidas teñan efecto, o alumnado implicado deberá seguir as indicacións do profesorado. En caso contrario carecerá de sentido continuar con elas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Un dos obxectivos do sistema de ensino a educación no respecto dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, dereitos e oportunidades iguais entre homes e mulleres en igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade no exercicio de tolerancia e liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como prevención de conflitos e resolución pacífica dos mesmos.

De xeito xeral, para fomentar a educación para a democracia, o diálogo e a convivencia pacífica tratarase de:

Concibir a educación como un proceso de comunicación que debe promover un pensamento creativo e innovador. O centro é unha institución que axuda ao desenvolvemento persoal, desenvolvemento de

competencias, habilidades e coñecementos.

Promover o respecto por si mesmo e da diversidade social, cultural e natural dentro dunha concepción democrática.

Aprender a vivir xuntos. Hai moitas razóns que fan que esa aprendizaxe sexa vista non só como un valor en si, senón tamén esencial para construír unha sociedade máis democrática, máis unida, máis cohesiva e pacífica.

Comprender e exercer os seus dereitos en relación aos outros

Practicar tolerancia, cooperación e solidariedade entre os individuos e grupos

Prepararse para o exercicio da cidadanía democrática

Desenvolver e consolida-los hábitos de estudo, disciplina individual e traballo en equipo como condición necesaria para a aplicación efectiva das tarefas de aprendizaxe e desenvolvemento persoal como un medio de valorar e respectar a diferenza dos sexos e dos dereitos e oportunidades iguais entre eles.

Rexeitar os estereotipos que implica a discriminación entre homes e mulleres.

Reforzar as competencias emocionais en todos os ámbitos da personalidade e relacións cos outros, e rexeitar a violencia, o prexuízo de calquera especie e comportamento sexista e aprender a resolver conflitos de forma pacífica.

En particular, os contidos que están directamente relacionados co módulo serán:

Precaucións e recomendacións para manter as medidas de seguridade e hixiene necesarias.

Organización do posto de traballo de cada alumno/a, así como, das diferentes actividades que éste realice.

Fomento do emprego de material reciclable e a recollida por parte do alumnado do material antigo para a súa reutilización.

Potenciamento do aforro enerxético, inculcando ao alumnado que apaguen os equipos e diferentes dispositivos manexados ao remate da xornada.

Aprecio e valoración da propiedade intelectual

Fomento do emprego de software libre como ferramenta que permite o acceso en igualdade de condicións independentemente do poder económico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En principio neste módulo non se teñen previstas actividades complementarias e extraescolares.

Tódalas actividades propostas polo Departamento de Orientación que vaian dirixidas ó alumnado dos ciclos de informática e tódalas actividades propostas polo Departamento de Informática.

O departamento deixa aberta a porta á asistencia a conferencias e seminarios, que ou ben se planifiquen polo departamento ou ben vaian xurdindo no ámbito social e sexan consideradas de interese.

Hai que ter en conta que calquera actividade proposta non tería carácter obrigatorio cando se realicen fora do horario lectivo do curso.

10. Outros apartados

10.1) Publicación da programación

A programación exporase aos alumnos ao inicio de curso, na presentación do módulo, informando das unidades formativas existentes, o seu contido, unidades didácticas existentes e explicando os criterios de avaliación empregados.

Para facilitar en calquera momento o acceso de todo o alumnado á programación, a Xefatura de Departamento se encargará de deixala en Conserxería, ou accesible (dependendo das condicións sanitarias), xunto co resto dos módulos do ciclo.

10.2) Contidos non impartidos no primeiro curso

Ben sexa pola situación sanitaria ou por calquera outro motivo, todos os anos é preciso ter en conta os contidos non impartidos no primeiro curso do ciclo para integralos nos módulos do segundo curso, especialmente cando son mínimos necesarios para desenvolver o traballo do presente curso.

Reunidos os profesores de segundo, e unha vez analizados os informes individualizados realizados polos profesores do primeiro curso, repartímonos os RAs non traballados entre os nosos módulos.

Deste xeito, este módulo traballará os RAs dos seguintes módulos de primeiro:

Módulo: Linguaxes de Marcas e Sistemas de Xestión da información

RA3- Xera canles de contidos analizando e utilizando tecnoloxías de sindicación.

CA3.1 - Identifícanse as vantaxes da sindicación de contidos na xestión e na transmisión da información.

CA3.2 - Defíníronse os seus ámbitos de aplicación.

CA3.3 - Analizáronse as tecnoloxías en que se basea a sindicación de contidos.

CA3.4 - Identificouse a estrutura e a sintaxe dunha canle de contidos.

CA3.5 - Creáronse e validáronse canles de contidos.

CA3.6 - Comprobouse a funcionalidade das canles e o acceso a elas.

CA3.7 - Utilizáronse ferramentas específicas como agregadores e directorios de canles.

RA7 - Traballa con sistemas empresariais de xestión de información realizando tarefas de importación, integración, aseguramento e extracción da información.

CA7.1 - Recoñecéronse as vantaxes dos sistemas de xestión e planificación de recursos empresariais.

CA7.2 - Avaliáronse as características das principais aplicacións de xestión empresarial.

CA7.3 - Instaláronse aplicacións de xestión empresarial.

CA7.4 - Configuráronse e adaptáronse as aplicacións.

CA7.5 - Estableceuse e verificouse o acceso seguro á información.

CA7.6 - Xeráronse informes.

CA7.7 - Realizáronse tarefas de integración con aplicacións ofimáticas

CA7.8 - Realizáronse procedementos de extracción de información para o seu tratamento e a súa incorporación a diversos sistemas

CA7.9 - Realizáronse tarefas de asistencia e resolución de incidencias.

CA7.10 - Elaboráronse documentos relativos á explotación da aplicación.

10.3) Adaptación non presencial

Para apoiar os procesos de ensino-aprendizaxe usarase a aula virtual do centro educativo, utilizando todas as súas ferramentas que facilitan a docencia e a comunicación do profesor cos alumnos. Tamén se utilizarán como canles prioritarias de comunicación o correo electrónico da asignatura e o espazo abalar.

Dende o primeiro día o alumnado estará matriculado na aula virtual do centro e coñecerá os mecanismos necesarios para o seu manexo. Deste xeito, a aula virtual será utilizada na docencia presencial inicial, simplificando así a transición a calquera cambio de modalidade (semipresencial ou online) se as circunstancias así o aconsellan.

Tamén se utilizarán ferramentas de videoconferencia no caso de ser preciso (Cisco Webex ou a que a consellería dispoña no seu momento).

As probas de avaliación se realizarán preferentemente de forma presencial, salvo nunha situación excepcional, onde se realizarán a través da aula virtual e/ou videoconferencia, tendo en conta que os resultados de aprendizaxe e competencias esenciais veñen determinados polos criterios de avaliación que son mínimos esixibles desta programación.